

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ven de formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19.05.2025 ata o 16.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.4, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar serán os seguintes:

1º) Formación en prevención de riscos no uso e na conducción de carretilla elevadora.





As técnicas preventivas son actuacións e medidas que se deben levar a cabo en todas as actividades da empresa, no canto de eliminar ou reducir os riscos, ou diminuír as consecuencias que se puidesen producir. Nos peiraos e lonxas das confrarías de pescadores, é frecuente o uso de diversa maquinaria como traspaletas, apiladores, carretillas elevadoras, etc.. Para contribuír a reducir a sinistralidade provocada pola utilización desta maquinaria, propónse a formación no manexo seguro de carretillas elevadoras e traspaletas, para aquel persoal que polas características do seu traballo deben usar este tipo de maquinaria.

A formación repasará os principios básicos de equilibrado de cargas e estabilidade, identificará os perigos asociados á súa utilización e desenvolverá as principais medidas preventivas aplicables a ditos riscos. As accións formativas desenvolveranse en formato presencial, dúas xornadas cada unha de cinco (5) horas de duración e que se impartirán por profesionais da materia. Cada grupo formarase cun mínimo 10 alumnos. Aos participantes proporcionaráselles todo o material didáctico necesario, supervisado previamente por un técnico superior de prevención de riscos laborais especializado no sector pesqueiro.

O temario proposto incluirá: 1. Normativa e lexislación vixente. 2. Carretilla elevadora: Definición, tipos e compoñentes 3. Principios básicos do equilibrado de cargas e estabilidade. 4. Riscos, medidas preventivas e recomendacións básicas nas operacións con carretillas. 5. Utilización da carretilla elevadora: Inspeccións previas, normais xerais de condución, manexo, contorna de traballo. 6. Normas de uso: Manipulación de cargas, circulación para ramplas, estabilidade das cargas, peso nominal, alturas de transporte e estiba. 7. Manobras e hábitos prohibidos. 8. Mantemento das carretillas.

Os obxectivos xerais serán:

- a) contribuír ao desenvolvemento da formación permanente do sector pesqueiro, mellorar as competencias profesionais do sector en seguridade no traballo e prevención de riscos laborais.
- b) Previr ou minimizar accidentes na contorna laboral.
- c) Formar dentro do sector pesqueiro, a traballadores que adquiran a responsabilidade, os coñecementos e habilidades precisas para manexar con soltura a maquinaria existente nas lonxas cumprindo coa normativa legal da Lei de Prevención de Riscos Laborais e na contorna do traballo, coñecendo ademais os riscos e as medidas preventivas a adoptar en cada situación.





d) Garantir unha man de obra cualificada dentro do sector, a reciclaxe profesional, a cualificación dos traballos e a recuperación do atractivo das profesións para a novas xeracións.

Este proxecto desenvolverase na área de actuación da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

2º) Acondicionamento e mellora das instalacións da federación coa adquisición de diverso equipamento en materia audiovisual e de mobiliario. Estes investimentos pódense cualificar como básicos e necesarios para mellorar a prestación de servizos da federación ás súas confrarías afiliadas e, en consecuencia, aos/ás profesionais dos sector. Consistirán na adquisición de dúas mesas de conferencias no salón de actos, equipamento de megafonía (armario *rack* auto ensamblado, altavoces, mesa de son, micrófonos, cableado), un armario de parede fabricado en materiais similares as mesas de conferencias, un refrixerador, un altavoz portátil con conexión *bluetooth* de alta potencia, dous micrófonos inalámbricos así como o redeseño do logo corporativo da federación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(asinado dixitalmente)

